O mantemento inclúe os seguintes switches:

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3339M05B

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M02G

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M003

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M02G

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M03K

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M04C

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/4739

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación á empresa BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING S.L. da renovación dun servizo de soporte e mantemento da plataforma CISCO UCS e do DataDomain EMC para o período de 04/03/2022 a 03/04/2023 por importe de 6.993,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706, de conformidade coa oferta presentada.

A facturación farase a partir do 4 de abril de 2022.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/4410

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por CASTROMAN I SL, para o subministro dun trade a batería marca BOSCH GBH 18 v-26, por un importe total de 520,00 €

(IVE incluído), con cargo á partida 135.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/4675

Vista a proposta da Secretaria, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de **Cosital A Coruña - Pontevedra**, da renovación de contrato de seguro de responsabilidade civil e defensa xurídica das habilitadas nacionais Dona Rosa Losada Suárez (Secretaria Xeral) e Dona M^a Carmen Castro Louzao (Tesoureira), polo período 2021-2022 con efectos a partir do día 31 de decembro de 2021 ata o 30 de decembro de 2022, con cargo ás partidas orzamentaria 920-224(Secretaria) e 931-224 (Tesoureira), por importe total para ambas habilitadas de 532,36 €(266,18€ cada unha), debendo procederse ao pago do importe citado a Cosital A Coruña - Pontevedra.

PRP2021/4570

Dáse conta da solicitude de D. Iván Ortigueira Outón, Policía Local, de autorización para asistencia ao curso denominado "Seguridade Cidadá: Práctica Operativa", que terá lugar na Academia Galega de Seguridade, en A Estrada, o día 13 de decembro de 2021, con aboamento de gastos de desprazamento e axudas de custo.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada con aboamento dos seguintes gastos:

- Axudas de custo: 14,11 €, con cargo á partida 132.23020
- Desprazamento dende domicilio: 10,45 €, con cargo á partida 132.23120.

PRP2021/4572

Dáse conta do recurso interposto por Maria Dolores Garcia Barros e Jose Luis Lorenzo Garcia contra da resolución da Xunta de Goberno do 13/10/21, e do informe da Policía Local, seguinte:

A calificación previa sobre o tipo de vehículo dado polos Axentes e parcialmente erróneo, o encadralo na categoría de L1e-A " ciclos de motor", realmente é un vehículo de mobilidade personal, si ben o superar a velocidade de 25 km/h, encadraríase no previsto no artigo 6.2. da INSTRUCCION 2019/S-149 TV-108, da Dirección Xeral de Tráfico sobre aclaracións técnicas e criterios para a formulación de denuncias de vehículos lixeiros propulsados por motores eléctricos, concretamente na sección b) do mencionado punto 6.2.

" 6.2 Vehículos comercializados como VMP o que non encajan en esta tipoloxía de vehículos.

b) El aparato o vehículo, que aparentemente ofrece prestacións superiores a un VMP, non cumpre os requisitos do Regulamento (UE) no 168/2013. En este caso, o vehículo non pode circular por as vías obxecto de regulación. Procederá formular denuncia por carecer autorización administrativa para circular (opción 1.1.5A), con sanción de 500 €. Así mesmo, tamén procederá a inmovilización e o depósito.

Dentro de este grupo se inclúen os casos de VMP que hayan sido manipulados para alterar a velocidade ou as características técnicas. "

Que polo exposto a inmovilización do vehículo é procedente, e en relación a entrega do mesmo, pode entregarse en calidade de depositario e titular do ben, si ben non podería utilizalo nas vías públicas abertas ou tráfico, xa que non encaixa nos requisitos e tipoloxía deste tipo de vehículos.

Neste caso a pesares de que o vehículo presenta un documento referente a limitación da velocidade de fábrica, por motivo de avería, manipulación ou outro desconecido o mesmo supera máis dun 50% a velocidade máxima permitida.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso de reposición presentado, mantendo o acordo de Xunta de Goberno Local de data 13 de outubro de 2021.

PRP2021/4647

Dáse conta do escrito presentado por Dona Sara Elvira Rial Ruiz, solicitando sinalización dunha zona de carga e descarga diante do local de lavandería denominado "La Colada Premium",

situado en Avda. Cambados nº 15 - Baixo.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha zona de carga e descarga xenérica, entre os vados 179 e 905, cunha lonxitude de 11 metros, para todos os locais da zona, para utilizar os días laborais e con horario de 07:00 a 12:00 e 15:00 a 18:00 horas e un máximo de 20 minutos de parada, dado que na zona non hai habilitada ningunha reserva de carga e descarga, existindo varios locais comerciais.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2021/4673

Dáse conta do escrito presentado por ENGLISH 4 PEOPLE SL, solicitando autorización para ocupación de vía pública nos arredores do Parque da Xunqueira para a realización dunha actividade de globoflexia os días 3, 4, 8 e 9 de xaneiro de 2022, en horario de 17:00 a 19:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

PRP2021/4674

Dáse conta do escrito presentado por D. Baltasar Amo Busto, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dun posto de churros o día 5 de xaneiro de 2021, en Praza Ravella.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

PRP2021/4677

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Jesus Ferreira Castaño, en representación de Asociación Musical Coda, solicitando autorización para celebración dun evento (audicións) o día 19 de febreiro de 2022, na Rúa Aquilino Iglesias Alvareño, así como a colocación dun escenario de 8x5 m. e 200 cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes

condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

PRP2021/4741

Dáse conta de Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se aproba a cesión a título gratuito a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa dos terreos sobre os que se asenta a EDAR:

- Parcela denominada "Ferrazo", de 15.000 m², situada no barrio de Sobradelo, hoxe Rúa Valle Inclán s/n.

Linda: norte con parcelas de Musengue SL e de Espina y Delfin SL; Sur, con parcelas de Justo García Quiros e Justo García Martínez; leste, con parcela de Náutica Vilagarcía SA, e oeste coa Rúa Valle Inclán.

Ocupa parte da seguinte referencia catastral: 8257037NH1185N0001XA.

Dáse conta das cláusulas a que queda sometida a citada cesión.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a cesión dos terreos citados así como as cláusulas establecidas na Orde da Consellería.

PRP2021/4745

Dáse conta de remisión de publicación no BOPPO de 22 de decembro de 2021 de anuncio do Ministerio Para a Transición Ecolóxica, Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, de información pública respecto das instalacións de servizos de tempada de verán e escolas de surf, pádel surf, plataformas flotantes inchables, nas praias da provincia de Pontevedra, apertura de prazos para presentación de solicitudes, correspondentes ao ano 2022.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2021/4747

Vista a solicitude de Don Alejandro Pino García de baixa dos postos 24-25, da zona Martín Gómez Abal do mercado de Vilagarcía de Arousa, así como no Padrón de Mercados, e visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, con efectos de 31 de decembro de 2021, téndose extinguida dende a mesma data a titularidade dos devanditos postos.

PRP2021/4746

Vista a solicitude de Dona Maria Carmen Pereira García de baixa dos postos 27-28, da zona Doutor Carús do mercado de Vilagarcía de Arousa, así como no Padrón de Mercados, e visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, con efectos de 31 de decembro de 2021, téndose extinguida dende a mesma data a titularidade dos

devanditos postos.

PRP2021/4748

Vista a solicitude de Don Jesús Filgueira Graña de baixa dos postos 29-30-31, da zona Doutor Carús do mercado de Vilagarcía de Arousa, así como no Padrón de Mercados, e visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, con efectos de 31 de decembro de 2021, téndose extinguida dende a mesma data a titularidade dos devanditos postos.

CULTURA

PRP2021/4752

Dáse conta do borrador do Convenio, para a súa posterior sinatura, entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación Galicia Obra Social (AFUNDACIÓN) para a distribución e venda de entradas correspondentes ás actividades incluídas na Programación de Espectáculos, actividades recreativas ou artísticas e eventos culturais análogos organizados ou acollidos polo Concello, a través do servizo "ATAquilla.com".

O prazo de duración do convenio será de un ano a contar dende o 7 de xaneiro de 2022 e se prorrogará automaticamente por periodos anuais sucesivos, salvo que unha das partes notifica á outra con, polo menos, tres meses de antelación a data de finalización do convenio ou á de calquera das súas prórrogas, a súa vontade de non prorrogalo.

Establecense as seguintes comisións:

4.1. Para os eventos organizados polo Concello de Vilagarcía de Arousa

A cargo do Concello de Vilagarcía de Arousa: unha comisión do cero por cento (0%).

A cargo do comprador, en venda anticipada:

- Para prezos de entrada superiores a 5 €, 8% sobre o prezo, cos seguintes mínimos:
 - Web: 0,75 €
 - Billeteira anticipada: 0,75 €
- Para prezos de entrada de 5 € e inferior, 8% sobre o prezo, cos seguintes mínimos:
 - Web: 0,25 €
 - Billeteira anticipada: 0,25 €

En caso de cancelación dos eventos, Afundación percibirá unha comisión dun un por cento (1%) a incrementar sobre o prezo das entradas devoltas.

4.2 Para os eventos gratuitos organizados polo Concello de Vilagarcía de Arousa: A cargo do Concello de Vilagarcía de Arousa unha comisión de 50 € mais IVE por cada evento dado de alta para a distribución de entradas e 0,25€ mais IVE por ticket impreso na billeteira.

4.3. Para os eventos organizados por un terceiro, distinto do Concello de Vilagarcía de Arousa, cun convenio pre-establecido con Ataquilla.com, e celebrados nos recintos adscritos ao propio Concello, Afundación aplicará unhas condicións específicas.

4.3. Para os eventos cuxas vendas sexan canalizadas soamente a través de billeteira o día do evento:

A cargo do Organizador do evento, sexa o Concello ou un terceiro, co que non existe un acordo pre-establecido con Ataquilla.com:

- 0,25 € mais IVE por ticket impreso

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o borrador do citado convenio nas condicións citadas anteriormente, que substitúe o existente (aprobado en Xunta de Goberno Local de data 16 de decembro de 2019).

PRP2021/4753

Vista a proposta da Concellería de Cultura, para a realización dunha actividade consistente nunha recepción real para este ano 2022 diferente a habitual no Salón nobre do Concello dado a situación sanitaria por mor da COVID 19 para que todas/os nenas/os do noso municipio poidan

ver os Reis Magos de cerca de forma segura, para elo propón unha RECEPCIÓN DOS REIS MAGOS con visita presencial baixo reserva previa para poder controlar o aforo en todo momento, como así se celebrou na recepción real do 2021.

Para realizar esta actividade, e seguir todos os protocolos e medidas de prevención de risco de contaxio, é necesario dispor dunhas instalacións adecuadas que permitan que o público poida asistir con seguridade, respectando todas as normas que se indiquen polas autoridades sanitarias. A Concellería de Cultura celebrará este evento na PRAZA DA PEIXERIA en distintos días dende o día 2 ao 4 de xaneiro en horario de 16:00 hs. a 21:00 hs., para que todas/os nenas/os poidan ver e interactuar uns minutos cos Reis Magos respectando a distancia de seguridade, con reserva de cita previa e sendo a entrada de balde.

A RECEPCIÓN DOS REIS MAGOS 2022, contará con:

Plan de autoprotección da Praza da Peixería adecuado á montaxe e feito por enxeñeiro dunha empresa especializada.

Ticketera para facer reserva previa, trazabilidade, xestión de entradas facendo tramos horarios de 30 minutos

PRODUCCIÓN ARTÍSTICA:

-Montarase dentro das instalacións da Praza da Peixería unha tarima homologada e moqueta para trono reais, onde se ubicarán o decorado dos REIS MAGOS.

-Buzón Real con vinilos con imaxe gráfica corporativa do acto.

-Deseño e impresión de 1500 cartas reais

-Decoración interior con 2 figuras xigantes de soldados cascanoces, tronos reais e decoración do espazo.

-Fotografía e xestión de mails para todos as/os nenas/os asistentes, coa imaxe do Concello.

PERSOAL:

Aparte dos 3 Reis Magos, acompañados cada un do seu paxe, este acto contará con persoal cualificado para velar que se cumpran as medidas sanitarias establecidas: control de acceso, separación necesaria, entrada con mascarilla e aplicar xel nas mans.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por REVENIDAS S.C., por un importe total de 17.666,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 338.22799, que inclúe:

-Creación, dirección e produción

- Ticketera para reserva previa.

-Fotografía e xestión de mails.

-Persoal de produción, control de acceso, coordinador, paxes.

-Persoal da montaxe e desmontaxe de decorados

-Limpeza e desinfección durante o evento

Fáise constar que en caso de cancelación do acto, por mor de novas medidas sanitarias por COVID 19, o Concello asumirá o gasto que ata ese momento de producira sempre que se xustifique debidamente, presentando a documentación correspondente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/4754

O vindeiro día 5 de xaneiro, sempre que as autoridades Sanitarias o permitan, dende a Concellería de Cultura, organizase o desfile da Cabalgata de Reis 2022, a partir das 19:00 hs. que recorrerán distintas rúas de Vilagarcía.

Neste desfile participan distintas Asociacións Culturais, Anpas, Asociacións MM.RR. Asociacións veciñais, así como nenos/as que acompañan os Reis Magos nas súas carrozas e nas de agasallos. É un dos maiores actos do Nadal en Vilagarcía.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a celebración da “Cabalgata de Reis 2022”, por un importe total estimado de 14.628,77€, coa seguinte desagregación:

NOME FISCAL	C.I.F.	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
BEGOÑA FONTÁN CAEIRO	35463322-J	Preparación, limpeza e entrega de vestimenta aos participantes na cabalgata	4.997,30€ (i.v.e. engadido) IRPF: 15%: 544,50€ LÍQUIDO: 4.377,80 €	338.22799

		Caraterización e maquillaxe de Reis Magos e Paxes		
PIROTÉCNIA PENIDE S.L.	B-15209430	Compra de antorchas (260 unidades)	1.116,83€ (i.v.e. engadido)	338.22199
CARAMELOS OGANDO S.L.	B36161263	800 KG. CARAMELO CRISTAL	2.400,64€ (10% i.v.e. engadido) ESTE GASTO DEBERÁ ABONARSE NO PRAZO DE QUINCE DÍAS, UNHA VEZ PRESENTADA A FACTURA	338.22199
DISTRIBUCIONES E. CARBALLO S.L.	B32007346	1200 KG. CARAMELO MASTICABLE	5.214,00€ (10% i.v.e. engadido) ESTE GASTO DEBERÁ ABONARSE NO PRAZO DE QUINCE DÍAS, UNHA VEZ PRESENTADA A FACTURA	338.22199
PÓLIZA PARA NENAS/OS CARROZAS REIS MAGOS E CARROZAS AGASALLOS			100,00€* (ESTIMATIVO)	338.224
Material estimado (departamentos de obras, xardíns, electricidade)			*800,00€	338.22199
TOTAL GASTO (ESTIMATIVO)			14.628,77€	

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2021/4422

O Concello de Vilagarcía de Arousa está executando os traballos de MELLORA DE SERVIZOS E URBANIZACIÓN NA RÚA FREIXO EN VILAXOAN, que inclúen, entre outros, o soterramento da liñas aéreas de electricidade.

De acordo co establecido na lexislación vixente na materia, algúns destes traballos xa foron executados polo Concello, namentres que outros teñen que ser desenvolvidos pola compañía de distribución de enerxía UFD Distribución Electricidad, S.A.

Para a boa execución dos traballos na Rúa Freixo, foi necesario o anclaxe do cableado na fachada dun veciño da Rúa Preguntoiro, 31, ante a queixa do mesmo, o Concello lle fai chegar o seguinte escrito:

“En contestación ao seu escrito, con rexistro de entrada WEB2021005631, do 6 de agosto de 2021, participaselle que a suxeición temporal do cableado de subministro eléctrico na fachada do edificio situado na rúa Preguntoiro nº 31, con motivo das obras de “Mellora de servizos e urbanización na rúa Freixo en Vilaxoán” en ningún caso suporá a imposición dunha servidume sobre a citada fachada.

Nestes momentos o concello xa ten executada a canalización soterrada que albergará o cableado de baixa tensión que nestes momentos é aéreo, e que tamén suporá a supresión do poste que o suxeitaba o que sen dúbida é unha importante mellora para tódolos veciños da zona. A execución dos traballos de soterramento da liña unicamente están pendentes da autorización da compañía de enerxía eléctrica (UFD Grupo Naturgy) á que xa se lle solicitou o correspondente desvío de liña, con data 5 de agosto de 2021 (EXP638221080047).

Dende o Concello de Vilagarcía de Arousa queremos agradecerlle a súa amable colaboración e pedirlle desculpas polos inconvinientes que estes traballos lle poidan causar e que rematarán á maior brevidade posible (unicamente pendente da autorización de UFD Grupo Naturgy), que segundo nos indican os servizos técnicos non deberían superar os 4 meses”

Con data 25 de novembro de 2011 remítese pola compañía eléctrica UFD Distribución Electricidad, S.A, orzamento detallado (anexo I) dos traballos de actuación sobre a rede de distribución en servizo necesarios para a modificación (reforzo e soterramento) da instalación na rúa Freixo, que se eleva a 2.605,72€.

O prazo de execución será 1 mes.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de obra consistente en traballos de actuación sobre a rede de distribución existente en servizo necesarios para a modificación (reforzo e soterramento) da instalación de electricidade na rúa Freixo, á UFD Distribución Electricidad, S.A. (A63222533), por importe de 2.605,72€, con cargo á partida

165.213.

PRP2021/4756

Con cargo ás BASES DE SUBVENCÍONS PARA A SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS E A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2021 (BOP do 29 de setembro de 2021), foi concedida por importe de 5.916,95€, unha subvención a este concello para a retirada da Cruz encastada na fachada principal da igrexa parroquial de Santa Baia de Arealonga.

Esta subvención non incluía a restauración da fachada como consecuencia destas obras de retirada da Cruz, o que deixa unha edificación cataloga coma esta igrexa, nunha situación que debe ser reparada.

Solicitada orzamento á restauradora dona Iria López Baltar oferta un prezo de 4.693,71€, que deben ser sufragados con fondos propios municipais.

Os traballos inclúen:

Reintegración da impronta deixada pola Cruz.

Reintegración das inscricións por medio de igualado da superficie por medio de texturizado e patinado e realización de enxertos e posterior regularización de superficies.

Selado de xuntas resultantes equiparando o morteiro ás argamasas existentes.

O prazo de execución deste contrato menor de obra sería de 1 mes.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acora adxudicar o contrato menor de obras denominado Restauración da fachada principal da igrexa parroquial de Santa Baia de Arealonga á dona Iria López Baltar (46896621N), por un importe de 3.879,10€ ao que lle corresponde un IVE (21%) de 814,61 € o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 4.693,71 €, con cargo á partida 336.789.

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:42 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.